**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 26/01/2026**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
JULIO FONTAIÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26/01/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19 de xaneiro de 2026, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2026/0185**
Dáse conta da RESOLUCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO de 12de xaneiro de 2026 pola que se aproba a delimitación do ambito de actuación que será obxeto de transformación urbanística para a creación de solo destinado mayoritariamente á construcción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, en Vilagarcía de Arousa no ámbito situado entre a Avda. Carolinas, Rúa Coca e Rúa Arealonga.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0175**
Dase conta da necesitade de elaboración dun plan de xestión das zonas verdes do Parque Miguel Hernández, Avda. da Mariña, Praza da Independencia e Praza da Liberdade, incluíndo inventario e numeración de árbores, revisión e xestión. Revisión de árbores xa avaliados e elaboración de informes en praza Ravella, praza de España, Praza Alameda e Parque Matosinhos (75 árbores) así como redacción do informe final. Xornada de poda e tala en altura de plátanos na Avda. Rosalía de Castro. Acceso á app de xestión durante 1 ano.
Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de revisión especializada do arborado de diversas zonas verdes do término municipal, servizo de consultoría e asesoramento en arboricultura, á Empresa ARBOGAL 2077 S. L., con CIF B-36548915, por un importe total de 18.059,25 € (IVE 21% INCLUÍDO), con cargo á partida 171.22706, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0074**
Dáse conta de escrito presentado polos Ingleses Rugby Club no que solicitan, autorización de uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do V TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, categorías M14 e M12, que se vai levar a cabo o vindeiro día 09 de maio do presente ano, de 8:30-20:00 horas. Así como, a cesión do material que a continuación se

relaciona:
- Autorización de uso do bar-cantina da instalación.
- Cesión de de 8 carpas, 8 mesas, 16 cadeiras e a colocacación dun palco.
- Cesión de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.
- Arco de saída da Fundación de Deportes.
- Cesión dun equipo de son.
- Concesión de 6 trofeos para a entrega de premios do evento.
- Peche ao tráfico da Rúa Camilo Jose Cela dende a entrada ao Estadio de Atletismo de 8:30 a 21:00 horas.

Dáse conta do informe do Sr. director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar aos Ingleses Rugby Club, o uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do V TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, categorías M14 e M12, que se vai a levar a cabo o vindeiro día 09 de maio do presente ano, de 8:30-20:00 horas, de conformidade coa Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

**PRP2026/0138**

Dáse conta de escrito presentado por D. Enrique Amador Montaño, en representación de CHARGING TOGETHER SL, solicitando autorización para puntos de recarga de vehículo eléctrico na Avda. Rosalía de Castro nº 104 (parking exterior do Museo do Ferrocarril).

Dáse conta do informe do Enxeñeiro Técnico Municipal, no que se indica:

As obras consisten na execución de nova canalización eléctrica dende CT en edificio, e instalación de Puntos de Recarga de Vehículos eléctricos.

O interesado achega aprobación da Mutación Demanial (PRP2023/3663) a favor da mancomunidade do salnes, de espazos públicos para instalación de Puntos de Recarga de vehículos eléctricos baixo as seguintes condicións:
- O concello conserva a titularidade do ben, que no varía a cualificación xurídica
- O período de duración da mutación demanial coincidirá co período de concesion a tramitar na mancomunidade, que estará prevista en 15 anos máis 5 de prórroga.
- O ben volverá ao uso do concello, ao finalizar a concesión e no caso de que se leven a cabo a instalación dos puntos de recarga

Examinada a documentación aportada polo solicitante INFORMASE FAVORABLEMENTE á realización das obras solicitadas debendo axustarse as seguintes CONDICIONS:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxeto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións
REPOSICION DO PAVIMENTO COA MESMA TIPOLOXÍA QUE O EXISTENTE.
5. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

AUTORIZACIÓN SECTORIAIS
• Non se identifica a necesidade de acada autorizacións sectoriais.
FIANZA
Establecese unha fianza de 3.000,00 € a depositar polo solicitante co obxeto de garantir a boa execución das obras solicitadas e a posible reposición de bens afectados polas mesmas.
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a D. Enrique Amador Montaño, en representación de CHARGING TOGETHER SL para instalación de dous puntos de recarga de conformidade co informe técnico emitido, no espazo público do Museo do Ferrocarril, tal e como dispuxo o Pleno da Corporación o día 30 de novembro de 2023.
Previamente ao inicio das obras, o interesado deberá depositar unha fianza de 3.000,00 €, para garantir a boa execución das obras solicitadas e a posible reposición de bens afectados polas mesmas, que se devolverá unha vez comprobado este extremo polos Servizos Técnicos Municipais.

**PRP2026/0051**
O concello de Vilagarcía de Arousa adxudicou en Xullo de 2013 á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. a adquisición e implantación dunha aplicación informática de xestión da contabilidade. A garantía da aplicación rematou o 1 de agosto de 2016.
O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.
Por outra parte o Concello de Vilagarcía de Arousa ten en funcionamento unha aplicación informática de xestión e tratamento de facturas electrónicas denominada AYTOSFACTUR@ da empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.
Esta aplicación está integrada na aplicación de contabilidade e ten como finalidade a conexión a FACe (punto xeral de entrada de facturas electrónicas da administración xeral do estado) para a incorporación e tratamento na contabilidade das facturas electrónicas.
O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U un servizo de soporte, mantemento das aplicacións informáticas de Contabilidade (SICALWIN) e de facturas electrónicas (AYTOSFACTUR@) para o ano 2026 por un importe de 21.695,30 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706, coa seguinte desagregación:
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0052**
O Concello é propietario dunha licenza da aplicación OPEN BIN da empresa CYPE INGENIEROS S.A. destinada á xeración de memorias dos proxectos da Oficina Técnica Municipal. Esta aplicación foi adxudicada en X.G.L. en xaneiro de 2024 e está sendo utilizada polo departamento de Urbanismo.
A aplicación OPEN BIN, está formada polos seguintes módulos:

- OPEN BIM Memorias CTE
- OPEN BIM Estudio básico de seguridade e saúde.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser

realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa CYPE INGENIEROS S.A.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa CYPE INGENIEROS S.A. a renovación do contrato de licenza 191410 e do servizo de soporte e mantemento da aplicación OPEN BIM (Módulos: OPEN BIM Memorias CTE e OPEN BIM Estudo básico de seguridade e saúde) para o ano 2026 por un importe de 332,75 € IVE incluído, con cargo á partida 150.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0053**
No conservatorio profesional de música, está actualmente en funcionamento unha aplicación informática da empresa Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logiciales, S.L correspondente ó programa de xestión académica CODEX.
O programa foi adquirido polo concello en agosto de 2006, desde entón esta instalado e en funcionamento.
A aplicación informática está formada polos seguintes módulos e servizos:
1.- Aplicación Informática CODEX de xestión de secretaría e alumnado do conservatorio.
2.- CENTROSNET, aplicación web para a realización de determinados trámites por parte do profesorado e do alumnado integrada coa aplicación CODEX instalada no conservatorio e na que se poderán realizar tarefas de carga e descarga de información da web. Está incluído o aloxamento.
3.- APP CENTROSNET, aplicación móbil de CENTROSNET
4.- SEGURNET, servizo de copias de seguridade da aplicación CODEX nos servidores da empresa.
O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logiciales, S.L.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logiciales, S.L un servizo de soporte e mantemento das aplicacións informáticas de xestión académica CODEX, CENTROSNET, APP CENTROSNET e o servizo SEGURNET para o ano 2026 por un importe de 1.980,89 €, IVE incluído, con cargo á partida 3261.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0055**
O Concello de Vilagarcía adxudicou na X.G.L. do 20/06/2022 a compra dunha licenza de uso indefinida da plataforma informática de xestión de inventario e os servizos de instalación, migración e posta en marcha á empresa ENTERSOLO SL por un prezo de 14.762,00 € IVE incluído. Estaban incluídos os servizos de explotación en modo "Cloud", soporte de usuarios e mantemento da aplicación durante un ano.
O soporte e mantemento ofrecidos polo licitador como garantía terminaron o 27 de xullo de 2023, a partir desa data o Concello debe adxudicar un servizo de mantemento, soporte e hosting (explotación en modo "cloud") da aplicación informática.
A empresa ENTERSOLO SL presenta un presuposto de mantemento e soporte da aplicación informática de inventario municipal e un servizo de hosting para o ano 2026, por un prezo de de

2.117,5 € IVE incluído.
O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa ENTERSOLO S.L.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ENTERSOLO SL un servizo de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo “cloud”) da aplicación informática do Inventario Municipal para o ano 2026 por un importe de 2.117,5 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0057**
No Concello están en funcionamento tres licencias da aplicación informática MENFIS V.10 (Programa Informático de Calculo de Presupostos e Medicións) utilizadas no departamento de urbanismo.
O Xefe do Servizo de Informática propón a renovación dos servizos de subscrición e soporte das tres licenzas da aplicación informática MENFIS V.10 coa empresa Épica Soluciones Informáticas, S.L.L., por ser partner do fabricante MENFIS e realizar o servizo de soporte e mantemento dunha maneira moi satisfactoria.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Épica Soluciones Informáticas, S.L.L. a renovación do servizo de subscrición e soporte anual de tres licenzas da aplicación informática MENFIS V.10 (Programa Informático de Calculo de Presupostos e Medicións) para o ano 2026 por un importe de 1.524,60 € incluído o IVE, con cargo á partida 150.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0069**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Jesica Valeria Malaga-Figueroa Funes en representación de Silman 97, SL, no que solicita autorización para ocupación de vía pública o día 20 de febreiro de 2026, en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa instalación de unidade mobil, para a realización da campaña de atención ós retornados en España.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a instalación de unidade mobil en Praza Ravella, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2026/0070**
Dáse conta do escrito presentado por Don Luis Vila Lopez en representacion de Culturinvest SL, solicitando autorización para instalación de carpa circense para espectáculo musical infantil

"K-POP LIVE" na explanada de Fexdega do día 12 ao 15 de mazo de 2026, asímesmo solicitan autorización para a colocación de 30 carteis publicitarios en mobiliario urbano, que serán retirados unha vez finalice o evento.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2026/0140**
No concello está actualmente en funcionamento unha aplicación informática (WINTASK Padrón) da empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A, que xestiona o Padrón Municipal de Habitantes.
O mantemento inclúe as actualizacións, cambios lexislativos, soporte telefónico, arranxo de incidencias etc.
Solicitamos a renovación do servizo de soporte e mantemento da aplicación informática do PMH por dous meses debido a que o Concello está a realizar a licitación dunha nova aplicación informática de xestión do padrón de habitantes. O motivo desta licitación é a descontinuidade da actual aplicación por parte da empresa esPublico.
O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes WINTASK Padrón para os meses de xaneiro e febreiro de 2026 por un importe de 172,51 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0141**
No departamento da policía local, está actualmente en funcionamento as seguintes aplicacións informáticas e servizos da empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L.:

- EuroCop-CUBE, aplicación informática de xestión da policía, a forma de explotación é en modo Cloud Computing.
- Servizos de aloxamento CLOUD da aplicación EuroCop-CUBE.
- Euro-OTD, aplicación informática de xestión das denuncias (multas), a forma de explotación é “on premise” (nos servidores do concello).

A empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L presenta un presuposto do servizo de aloxamento (hosting) para a aplicación EuroCop-CUBE e dos servizos de mantemento e soporte das aplicacións informáticas EuroCop-CUBE, Euro-OTD e para o ano 2026, por un prezo de

12.616,91 € IVE incluído.
O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. un servizo de soporte e mantemento das aplicacións informáticas da policía local EuroCop CUBE e Euro-OTD e un servizo hosting (explotación en modo "cloud") da aplicación EuroCop CUBE, ambos servizos para o ano 2026, por un prezo de 12.616,91 € IVE incluído, con cargo á partida 132.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0142**
O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do ano 2023 a posta en marcha dun servizo automático de préstamos/aluguer de bicicletas, a forma de xestión do servizo é mediante unha plataforma informática "Cloud" denominada BICICARD, destinada tanto aos xestores do servizo como aos usuarios do mesmo. A adxudicación incluía os servizos de mantemento, soporte e explotación en modo "Cloud" da aplicación BICICARD durante un ano.
Os servizos de mantemento, soporte e explotación en modo "Cloud" da plataforma BICICARD (denominados licenza BICICARD®) incluídos na adxudicación terminaron en maio de 2024, a partir desa data o Concello ven renovando este servizo.
A plataforma Informática BICICARD está formada por os seguintes produtos: SICB (Sistema Integral de Control BICICARD®), GestorPIM (Xestor Punto de Información Multimedia), APP BICICARD®, API´s de comunicación, así como listado de compoñentes hardware asociados, cuxa propiedade intelectual e dereitos de explotación son propiedade exclusiva de ITCL.
Servizos incluídos na licenza anual BICICARD:

- Hosting en servidores de ITCL.
- Aplicación en Android e IOS.
- Web de xestión do sistema de préstamo.
- Licenzas de control remoto para as bases da instalación na cidade de destino de uso exclusivo por persoal de ITCL.
- Soporte técnico telefónico.
- Actualizacións estándares do Software publicadas durante o período de vixencia do contrato.
- Compra de repostos exclusivos BICICARD®

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON.
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON un servizo de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo "cloud") da licenza BICICARD®, plataforma informática de xestión de préstamos/aluguer de bicicletas, para o ano 2026 por un importe de 7.260,00 € IVE incluído, con cargo á partida 134.22706, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**PRP2026/0144**

O concello adxudicou na XGL do 12/05/2025 a migración (substitución) da plataforma informática XIESS (en funcionamento no Concello desde 2021), pola nova plataforma IMATIA SOCIAL. Tratase dunha plataforma informática destinada a realizar unha xestión integrada do departamento de servizos sociais. Na adxudicación ía incluído o mantemento da plataforma IMATIA SOCIAL ata 31/12/2025.
A plataforma IMATIA SOCIAL é 100% programación web e responsive, está certificada no ENS (Esquema Nacional de Seguridade), posúe os módulos de Xestión de Expedientes, Xestión de Usuarios, Sistema de Cita Previa, Axuda no Fogar, Intervención Familiar e de inclusión social,. Ademais está integrada coa plataforma de administración electrónica CIVIDAS do Concello, coa aplicación HSUE-SIUSS da Xunta e coa plataforma RISGA da Xunta de Galicia.
O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa IMATIA INNOVATION S.L.
O soporte técnico inclúe quince horas que poderán ser utilizadas para corrección de incidencias ou atención aos usuarios ou desenvolvemento de melloras funcionais da aplicación.
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acoda adxudicar á empresa IMATIA INNOVATION S.L. un servizo de soporte e mantemento da Plataforma Informática IMATIA SOCIAL, utilizada para a xestión do departamento de Servizos Sociais durante o ano 2026 por un importe de 6.050,00 € IVE incluído, con cargo á partida 231.22706
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0145**

No concello están actualmente en funcionamento unha plataforma informática denominada CÍVIDAS e-GOV de Administración Electrónica da empresa Imatia Innovation S.L. que xestiona as seguintes áreas: sede electrónica, rexistro de entrada e saída, xestión de expedientes (contratación, urbanismo, actividades, cemiterios etc.), notificacións telemáticas etc. Asemade está en funcionamento outra aplicación informática da mesma empresa dedicada á xestión de órganos colexiados
A empresa oferta os seguintes servizos:

- Renovación de garantía e servizos de actualizacións e mantemento da aplicación plataforma informática denominada CÍVIDAS e-GOV de Administración Electrónica.
- Renovación de garantía e servizos de actualización e mantemento da aplicación Órganos colexiados.
- Soporte aos usuarios (80 horas/ano).

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa IMATIA INNOVATION S.L.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa IMATIA INNOVATION S.L. un servizo de soporte e mantemento da plataforma CÍVIDAS e-GOV de Administración Electrónica e da aplicación informática de órganos colexiados para o ano 2026 por un importe de 22.385,00 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**PRP2026/0146**
O Concello está subscrito á consulta vía web do pack "O DEREITO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MEMENTOS" coa empresa LEFEBVRE EL DERECHO, S.A. formado por:

- A base de datos do dereito.
- A base de datos "O dereito local".
- Memento Administracións Locais.
- Memento Administrativo.
- Memento Contratación Pública Avogacía do Estado.
- Memento Empregado Público.
- Memento Expropiación Forzosa Patrimonio Público.
- Memento Facendas e Impostos Locais.
- Memento Urbanismo.

Número de usuarios concorrentes contratados: 3.
Esta subscrición é utilizada polo departamento de Tesourería que solicitan que se manteña esta plataforma de consulta.
O concello é propietario dunha licenza de uso en modo "cloud", o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa LEFEBVRE EL DERECHO, S.A.
A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa LEFEBVRE EL DERECHO, S.A. un servizo de soporte e subscrición vía web do pack "O DEREITO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MEMENTOS" para o ano 2026 por un importe de 4.322,54 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22001.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0147**
As máquinas de aire acondicionado da sala de ordenadores do departamento de Informática son imprescindibles para o funcionamento de tódolos servidores e ordenadores da sala.
O sistema de aire acondicionado está formado por as seguintes máquinas: AIR BLUE modelo OEDA HH 140 e CASSETTE MITSUBISHI PLA-SM140EA (este equipo ten garantía de pezas durante tres 3 anos, ata 30-06-28) , actualmente está en vigor un mantemento preventivo coa empresa MAGA coas seguintes características: unha serie de visitas ó ano, segundo a táboa da oferta, onde se levan a cabo revisións, comprobacións, verificacións etc. si é necesario substituír algún compoñente deberá abonarse independentemente do prezo do mantemento.
O mantemento tamén inclúe un prezo fixo para man de obra e desprazamento para as visitas non planificadas, é dicir, si se produce unha avaría que xere unha visita non contemplada no mantemento deberán abonarse os compoñentes necesarios, o desprazamento (cantidade fixa de 38,26 € + IVE) e a man de obra (o prezo por hora de traballo será de 38,26 € + IVE).
Polo Departamento de Informática propónse que o mantemento sexa adxudicado á empresa Mantenimientos Gallegos S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Mantenimientos Gallegos S.L. (MAGA), CIF A-15044043 dun servizo de soporte e mantemento preventivo das máquinas de aire acondicionado AIR BLUE modelo OEDA HH 140 para o ano 2026 por un importe de 786,89 €, IVE incluído, con cargo á partida 9201.213.
As visitas non planificadas no mantemento facturaranse da seguinte forma: 46,30 € IVE incluído por desprazamento e 46,30 € IVE incluído por cada hora de traballo.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**PRP2026/0153**
1.- No ano 2014 o concello adxudicou a subministración instalación e mantemento dunha plataforma hardware para o C.P.D. e servizos de virtualización de escritorios e aplicacións, esta plataforma está formada, entre outros sistemas, por unha unidade central de procesamento (UCS) de CISCO que contén tres servidores físicos blade. Na adxudicación estaba incluído un servizo de mantemento de tres anos que finalizou este ano 2017.
O funcionamento do sistema hardware anterior é crítico para o sistema informático do Concello, xa que está formado por os servidores físicos que ofrecen a capacidade de procesamento a todo o CPD.
O fabricante da plataforma (CISCO) presta o servizo de mantemento a través de terceiras empresas. Solicitouse presuposto do mantemento da plataforma CISCO UCS á empresa Ozona Tecnologías de la Información S.L., por ser a empresa adxudicataria da licitación, da instalación da UCS e realiza o soporte de forma moi eficiente e satisfactoria.
O servizo de mantemento será dado polo fabricante (CISCO, soporte premium) para os seguinte equipos:
SERVIDOR UCS B200 M5 W/O CPU, MEM, DRIVE BA SN: FCH232770QW
SERVIDOR UCS B200 M5 W/O CPU, MEM, DRIVE BA SN: FCH232874QC
CHASIS UCS SP7 B200 ENT 2x6248 1xCH 2xB200W/2xES-2609v2,64G CISCO SN:FOX1735GJ33
O servizo de mantemento será dado pola empresa adxudicataria (soporte básico), por estar descatalogado polo fabricante, para os seguintes equipos:
FABRIC INTERCONNECT SWITCH UCS 6248UP 1RU FABRIC INT / NO PSU / 32 UP / 12P LIC SN: SSI1733052D
FABRIC INTERCONNECT SWITCH UCS 6248UP 1RU FABRIC INT / NO PSU / 32 UP / 12P LIC SN: SSI173305EL
2.- Mediante procedemento de licitación realizado en 2016 adxudicouse á empresa Ozona Consulting S.L., a instalación e configuración dunha plataforma de copias de seguridade formado polos seguintes dispositivos:

- Dous servidores físicos Dell PowerEdge R440 con s/n DCSS1h2 e DCVN1H2
- Dous sistemas autocargadores Dell PowerrVault TL1000 con n/s 3YL9822 e CXL19822

A garantía dos equipos anteriores finalizou o 28 de febreiro de 2020.
O funcionamento do sistema de copias de seguridade é crítico e fundamental para salvagardar os datos, aplicacións informáticas, servidores virtuais etc. do Concello. Unha vez rematado o mantemento do sistema debe ser prorrogado para garantir o seu funcionamento.
O Xefe do Departamento de Informática propón que o mantemento sexa adxudicado á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.
O equipos do sistema de copias de seguridade son os seguites:

| Dispositivo | Número de serie | Unidades |
|---|---|---|
| Servidor Dell PowerEdge R440 | DCSS1H2 | 1 |
| Servidor Dell PowerEdge R440 | DCVN1H2 | 1 |
| Equipos autocargador Dell PowerrVault TL1000 | 3YL9822 | 1 |
| Equipos autocargador Dell PowerrVault TL1000 | CXL19822 | 1 |

A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento da plataforma CISCO UCS para o período de 05/04/2026 a 04/04/2027 por importe de 4.101.90 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706
2.- Adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento dos equipos/servidores da plataforma de copias de seguridade para o ano 2026 por un importe de 6.006,44 € IVE incluído. Período de vixencia do mantemento do 02-03-2026 a 01-03-2027, con cargo á partida 9201.22706
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**PRP2026/0154**
O Concello adxudicou a finais do ano 2004 un Proxecto de Centralización de Aplicacións Mediante o uso de Tecnoloxías de Computación Baseada en Servidor (SBC), actualmente están en funcionamento 125 licenzas. O sistema proporciona escritorios remotos e centralización de aplicacións informáticas a toda a organización.
Actualmente están en funcionamento 125 licenzas á versión Citrix Apps Advanced Perpetual Software Maintenance Renewal e a subscrición dun Servizo de NetScaler Premium 100 Mbps (utilizado para conexións remotas).
As licencias Citrix son necesarias para o funcionamento do sistema de escritorios remotos empregado por toda a organización, inclúen actualizacións do sistema, arranxo de erros de funcionamento, solución de vulnerabilidades de seguridade etc.
Propoño que o mantemento sexa adxudicado á empresa Ozona Tecnologías de la Información S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o mantemento da plataforma de centralización de aplicacións Citrix Xen App de maneira moi eficiente e satisfactoria.
A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. a renovación do servizo de subscrición de 125 Licencias Citrix Apps Advanced Perpetual Software Maintenance Renewal e a subscrición dun Servizo de NetScaler Premium para o ano 2026 por un importe de 14.777,73 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0155**
O Concello ten instalado un sistema Centralizado de Aplicacións Informáticas mediante o uso de tecnoloxías de computación baseada en servidor (SBC), este sistema está formado por unha granxa de servidores (servidor de ficheiros, servidores de control de dominio, servidores citrix etc.), un sistema de copias de seguridade Symantec Veritas, unha plataforma Citrix Presentation Server etc.
Ademais do anterior, no ano 2014 o sistema foi ampliado cos seguintes elementos: Plataforma de virtualización vMware formada por 3 servidores físicos tipo blade de cisco, Almacenamento EMC, Sistema de copias Data Domain, Migración a XennApp 7.5, Plataforma citrix XenDesktop (Hosted Shared Desktop) para 100 usuarios nominais e Plataforma de acceso remoto Netscaler Gateway.
A empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. ven prestando un Servizo de Asistencia Técnica ao concello (SAC) consistente nun servizo preventivo, xestión e resolución de incidencias, asesoramento, consultoría etc. sobre os seguintes sistemas: Plataforma citrix, virtualización, seguridade perimetral, servidores virtuais, Citrix Apps Advanced, Citrix NetScaler (AaaS), VMware vSphere 5 Essentials Plus (3 host) e escalado de incidencias ao fabricante (nComputing) etc.
Asemade inclúe Soporte técnico nivel 3, SAC incidencias ilimitado, unha bolsa de 40 créditos para peticións de servizo, realización dun preventivo anual, etc.
Considérase que é moi importante e fundamental manter este servizo para o funcionamento do sistema central informático do Concello.
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de asistencia técnica (SAC) de soporte, prevención e resolución de incidencias da plataforma de centralización de aplicacións Citrix Apps Advanced (Plataforma vMware, Sistema de copias, Plataforma de acceso remoto Netscaler Gateway etc.) e unha bolsa de 40 créditos para peticións de servizo para o ano 2026 por importe de 7.235,80 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0156**

1.- O Concello adxudicou en X.G.L. do 08/05/2023 a compra e instalación de dous cortalumes FortiGate 101F para substituír aos cortalumes FortiGate 140D, debido ao fin de vida destes equipos.

Os cortalumes son dispositivos críticos de seguridade cuxa principal función é evitar que o sistema informático sexa atacado dende o exterior a través da navegación web, correos, intrusismo etc. e xestionar (a nivel de seguridade e permisos) as conexións tanto cara ao exterior como en sentido contrario do Concello totalmente necesarias para o funcionamento da organización como é o acceso á rede SARA. Os dous cortalumes xemelgos funcionan de forma síncrona en alta dispoñibilidade (activo-pasivo) coa finalidade de evitar a suspensión do servizo que provocaría o illamento do Concello en canto as comunicacións por internet.

Os cortalumes actualmente en funcionamento son os seguintes:

- FortiGate 101F (FG101FTK22015778)
- FortiGate 101F (FG101FTK22015802).

Por todo o anterior é imprescindible un mantemento dos cortalumes, que garante o seu correcto funcionamento e as actualizacións diarias de software (totalmente necesarias).

2.- No concello está en funcionamento un sistema AaaS (autentication software as a service), este sistema utilízase para que os funcionarios que traballan fora da casa consistorial poidan conectarase ao sistema informático municipal.

Debido a que estes traballadores están en oficinas externas, por motivos de seguridade, foi necesario instalar un sistema autenticación forte (AaaS) que evite as ameazas de suplantación de identidade. Este sistema está baseado en combinacións de números PIN e cadeas de seguridade (PINsafe).

3.- No concello está en funcionamento un servizo de almacenamento das copias de seguridade do C.P.D. municipal na nube denominado WASABI, este sistema é compatible e xestionado dende aplicación Veeam Backup utilizada para realizar as copias de seguridade do CPD do Concello.

Por motivos de seguridade é totalmente necesario posuír un repositorio dos backups na nube, localizado fora do C.P.D. municipal. Considero necesario contratar un almacenamento cunha capacidade de 20 Tbytes.

O Xefe do Departamento de Informática propón que a adxudicación se faga a través da empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L., por ser a compañía que ten adxudicado o mantemento do sistema de backup do Concello.

A vista do anteriro a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de subscrición de licenzas para os dous cortalumes (FortiGate 101F) por un importe de 5.517,60 € IVE incluído. Período de vixencia das licenzas será do 19-06-2026 ao 18-06-2027, con cargo á partida 9201.22706

2.- Adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento de oitenta e cinco licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos externos durante o ano 2026 por un importe de 5.142,50 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706

3.- Adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servido de subscrición dunha licenza de almacenamento na nube "WASABI" de 20 TB por un importe de 2.286,90 € IVE incluído. Período de vixencia das licenzas de 01-08-2026 ao 31-07-2027, con cargo á partida 9201.22706

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0157**

Mediante procedemento de licitación realizado en 2016 adxudicouse á empresa Ricoh Spain IT Services S.L.U. (antes Periféricos y Memorias España S.L.), a compra, instalación e configuración dun sistema de electrónica de rede formado por catro switches brocade ICX7450 cun

mantemento de tres anos. O concello xa contaba nas súas instalacións con dous switches do mesmo modelo en funcionamento. Posteriormente realizouse a adquisición dun setimo switche ICX7450. Polo tanto, o sistema de electrónica de rede actual está formado por sete switches brocade ICX7450.
A función do sistema de electrónica de rede é a interconexión de todos os equipos informáticos do concello, polo tanto é necesaria para o funcionamento de todo o sistema informático. O seu mantemento é necesario e crítico para o funcionamento das aplicacións informáticas e de todo o sistema.
Considérase que a empresa que debe prestar o servizo de mantemento é Ricoh Spain, partner de BROCADE, posúe a infraestrutura, recursos, recambios críticos, servizos etc, na comunidade autónoma, para prestar este mantemento en tempo e forma.
As características do mantemento están contidas no documento que se adxunta de referencia OP20.22968.2 Resumo: monitorización remota 24x7, asistencia remota, asistencia presencial, entrega de pezas de remprazo, novas versión de microcódigo de enxeñaría, acceso 24 x 7 ás ferramentas de soporte en liña.
O mantemento inclúe os seguintes switches:
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3339M041
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3339M05B
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M003
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M02G
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M03K
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M04C
BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ4326T06V
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa RICOH SPAIN IT SERVICES SLU, o servizo de soporte e mantemento da electrónica de rede do Concello formada por sete switches Brocade ICX7450-48 para o período de 20 de febreiro 2026 a 19 de febreiro de 2027 por un importe de 3.459,39 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0158**
Nos últimos anos a empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., ven realizando un servizo de desprazamento e reparación in situ das incidencias/avarías dos equipos informáticos dos edificios municipais, este servizo realizase cando o departamento de informática non posúe medios para desprazarse ou existe unha incompatibilidade horaria co centro que presenta a avaría ou ben falta de recursos. O custe do servizo é unha cantidade fixo para cada saída e inclúe desprazamento e man de obra independentemente de onde se localice o centro e un tempo medio de dúas horas de reparación.
Considérase que este servizo de incidencias informáticas nos ordenadores persoais nos edificios municipais debe ser renovado para o ano 2026. O número previsto de intervencións para o ano 2026 é de cincuenta actuacións.
O Xefe do Departamento de Informática propón que este servizo sexa adxudicado á Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por se a empresa que ven realizando estas tarefas de maneira moi eficiente e satisfactoria.
A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., un servizo de reparación in-situ de incidencias informáticas nos edificios municipais durante o ano 2026. O importe de cada intervención (desprazamento e man de obra) será de 53 € incluído o IVE, as actuacións serán facturadas individualmente. O número de intervencións previstas para o ano 2026 é de cincuenta, polo tanto o importe máximo anual será de 2.650 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0161**
No departamento de informática están en funcionamento unha licenza da aplicación informática denominada TeamViewer que permite a conexión remota entre ordenadores, esta aplicación é totalmente necesaria para conectarse aos equipos externos do Concello e con empresas que prestan servizos ao Concello.
A forma de adquirir estes programas é mediante subscrición anual. Esta subscrición da dereito a instalar e usar o programa e as súas actualizacións durante un ano, a actual subscrición finaliza o 12 de marzo de 2026.
O Xefe do Departamento de Informática propón que a compra da subscrición se faga á empresa Servicio Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por ser partner/distribuidor de TeamViewer e ser o provedor actual deste producto cun grado de satisfacción e resposta post-venta moi satisfactorio.
Tres conexións concorrentes, 15 sesións simultáneas por conexión concorrente.
Dispositivos ilimitados desde los que conectarse
Dispositivos ilimitados a los que conectarse
A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L. o servizo de subscrición durante un ano (do 13-03-2026 ao 12-03-2027) da licenza da aplicación TeamViewer de conexión remota a equipos informáticos por un importe de 2.031,35 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0162**
Na biblioteca municipal de Vilagarcía está en funcionamento un SAI, marca LEGRAND, modelo KEOR COMPACT 3 111 05, número de serie X01KR00006 e potencia de 20 KVA. Esta máquina foi adquirida e instalada, no ano 2024, pola empresa adxudicataria da construción da biblioteca.
É necesario que este equipo posúa un servizo de mantemento xa que a súa función é crítica para o funcionamento do sistema informático da biblioteca, debido a que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías nos ordenadores, bases de datos, Software de base e resto de sistemas etc.
Unha vez solicitada unha oferta de mantemento ao fabricante da SAI (LEGRAND), este comunicou que non realiza este tipo de servizos directamente na nosa zona, remitíndonos á empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L que contactou co Concello a petición de LEGRAND para ofrecer os seus servizos de mantemento da SAI de LEGRNAD. A empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L presenta un documento firmado por LEGRAND, adxunto neste expediente, onde indica o seguinte:
"Que la empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L con CIF B70499355 es partner de Legrand en la zona de Galicia. Esta colaboración garantiza que dicha empresa cuenta con la formación y recursos necesarios para realizar los servicios de mantenimiento y reparación en todos los SAI's de la marca Legrand. Y para que así conste, se firma en Torrejón de Ardoz a 3 de diciembre de 2024".
A empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L presenta unha oferta de mantemento que inclúe os seguintes servizos para o ano 2026:

- Unha revisión anual de mantemento preventivo.
- A man de obra e o desprazamento de todas as visitas correctoras.
- Atención preferente, visita a primeira hora do día seguinte ao de aviso da avaría.
- Horario de atención das incidencias in situ de 8 a.m. a 18 p.m.
- Horario de atención telefónico de incidencias as 24h.
- Non están incluídos os materiais nin baterías de ser necesarios, ofrecese un desconto do 25% no prezo dos materiais e baterías.

O servizo de Soporte e mantemento da SAI LEGRAND da biblioteca só pode ser realizado na súa totalidade polo fabricante da mesma dun xeito completo, garantindo o correcto funcionamento

do hardware e software dos equipos. O fabricante LEGRAND delega as actuacións de mantemento na empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L con CIF B70499355 como partner de Legrand na zona de Galicia.
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudiar a renovación á empresa SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN ININTERRUMPIDA S.L. un servizo de soporte e mantemento da SAI da biblioteca municipal de Vilagarcía, marca LEGRAND, modelo KEOR COMPACT 3 111 05 e nº de serie X01KR00006, para o ano 2026 por un importe de 907,50 € incluído o IVE, con cargo á partida 3321.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0165**
O Concello de Vilagarcía adxudicou en maio de 2020 a compra de licenzas de explotación da aplicación informática de cita previa (Quenda) e diverso equipamento hardware (pantallas e dispensadores) á empresa Tecnologías Plexus S.L. coa finalidade de poñer en funcionamento un sistema de cita previa na casa consistorial. A forma de explotación do sistema é en modo "cloud". O soporte e mantemento do equipamento hardware instalado nas oficinas municipais será en modo remoto e in situ.
A garantía do sistema de cita previa finalizou o 30 de setembro de 2022 polo que a partir desa data adxudicase anualmente a renovación das licenzas e os servizos de soporte, mantemento e explotación en modo "cloud" da aplicación e os servizos de soporte e mantemento tanto remoto como in situ para o equipamento hardware instalado nas oficinas municipais e destinado a este sistema.
Servizos que deben ser renovados:

- Renovación dunha licenza e soporte da aplicación "Quenda Cloud" para unha oficina de ata 20 postos de atención. (nota: identificarse no quiosco (totem), cando temos a cita pedida por ordenador)
- Renovación do soporte e mantemento tanto remoto como in situ do equipamento hardware instalado nas oficinas municipais destinado a este sistema.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa TECNOLOGIAS PLEXUS S.L.
A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa TECNOLOGIAS PLEXUS S.L. a renovación das licenzas e servizos de soporte, mantemento e explotación en modo "Cloud" da aplicación informática de cita previa QUENDA ("Quenda Cloud" 20 postos) e do equipamento hardware utilizado pola aplicación para o ano 2026 por un importe de 4.706,68 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0167**
Dáse conta de proposta do Departamento de Informática de renovación de varios servizos de soporte e mantemento coa Empresa VISUAL PUBLINET SL para o ano 2026.
1.- MANTEMENTO DA PÁXINA WEB OFICIAL E TRABALLOS DE PROGRAMACIÓN. PARA O ANO 2025.
En xaneiro de 2002 o concello adxudicou á empresa Visual Publinet S.L. o desenvolvemento da páxina web oficial do Concello https://www.vilagarcia.es/.
A empresa Visual Publinet S.L realiza traballos de programación e deseño da web municipal. O presuposto de mantemento para o ano 2026 para os traballos de programación e deseño por

catro horas mensuais é de 2032,80 €, IVE incluído, que se facturará de forma trimestral.
2.- REXISTRO E ALOXAMENTO DO DOMINIO DO CONSERVATORIO PARA O ANO 2025.
No ano 2020 concello adxudicou á empresa Visual Publinet S.L. a creación e o aloxamento do domino "cmusvilagarcia.gal".
O presuposto do aloxamento do dominio "cmusvilagarcia.gal" para o ano 2026 é de 423,50 €, IVE incluído.
3.- MANTEMENTO E ALOXAMENTO DO DOMINIO vilagarciactiva.com PARA O ANO 2025.
No ano 2009 concello adxudicou á empresa Visual Publinet S.L. a creación e o aloxamento do domino "vilagarciactiva.com".
O dominio "vilagarciactiva.com" está actualmente en funcionamento, o presuposto do mantemento e aloxamento do dominio para o ano 2026 é de 871,2 € IVE incluído. A facturación será trimestral, cada factura do trimestre será por un importe de 217,8 € IVE incluído.
4.- REXISTRO E ALOXAMENTO DO DOMINIO visitvilagarcia.com PARA O ANO 2025.
O dominio "visitvilagarcia.com" está actualmente en funcionamento, o presuposto do rexistro e aloxamento do dominio para o ano 2026 é de 508,2 € IVE incluído.
A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Axudicar á empresa VISUAL PUBLINET S.L. un servizo de soporte e mantemento da páxina web do Concello https://www.vilagarcia.es/ (programación e deseño) para o ano 2026 por un importe de 2.032,8 € IVE incluído. A facturación farase de forma trimestral por un importe de 508,2 € incluído o IVE, con cargo á partida 926.22706.
2.- Adxudicar á empresa VISUAL PUBLINET S.L. un servizo de soporte e mantemento do aloxamento e renovación do rexistro do dominio "cmusvilagarcia.gal" para o ano 2026 por un importe de 423,50 € IVE incluído, con cargo á partida 3261.22706.
3.- Adxudicar á empresa VISUAL PUBLINET S.L. un servizo de soporte e mantemento do aloxamento e renovación do rexistro do dominio "vilagarciactiva.com" para o ano 2026 por un importe de 871,2 € IVE incluído. A facturación farase de forma trimestral por un importe de 217,8 € IVE incluído, con cargo á partida 926.22706.
4.- Adxudicar á empresa VISUAL PUBLINET S.L. un servizo de soporte e mantemento do aloxamento e renovación do rexistro do dominio "visitvilagarcia.com" para o ano 2026 por un importe de 508,2 € IVE incluído, con cargo á partida 926.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0170**
O Concello ten en funcionamento unha subscrición especializada vía web sobre lexislación, xurisprudencia, libros e revistas etc. destinada á biblioteca municipal, sen límite de usuarios. O acceso debe realizarse desde a rede de ordenadores ou wifi da biblioteca municipal.
A subscrición denomínase vlexPlus e está formada polos seguintes módulos a consultar con actualización diaria:

- Lexislación
- Toda a xurisprudencia dispoñible en CENDOJ
- Libros e revistas
- Modelos actualizados de Formularios e Contratos.
- Todos os Convenios Colectivos nacionales.
- Noticias prensa nacional, local e especializada..
- Muro de actualidade.
- Tradutor Automáticos de/a 13 idiomas.

VLEX NETWORKS S.L é a única empresa que nos ofrece unha consulta vía web de lexislación especializada e destinada a bibliotecas sen límite de usuarios.
O presuposto da empresa VLEX NETWORKS S.L. para a subscrición vlexPLUS para un ano 2025 ascende a 2.541 € incluído o IVE.
Nota: Os datos completos da empresa son VLEX NETWORKS S.L. , CIF: B-17565623, Almogavers 119, 3-2, Barcelona 08018, España. Persona de Contacto Notificaciones

Electrónicas: Javier Santigosa Alvarez (jsantigosa@vlex.com)
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa VLEX NETWORKS S.L. un servizo de subscrición e soporte da aplicación informática de consulta de lexislación vía web VLEXPLUS destinada á biblioteca municipal, sen límite de usuarios, para o ano 2026 (01-05-2026 a 30-04-27), por un importe de 2.541 € IVE incluído, con cargo á partida 3321.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0191**
No Concello de Vilagarcía de Arousa, estan en funcionamento diversas centralitas telefónicas, sendo necesaria a renovación do servizo de soporte e mantemento para o ano 2026.
1.- CENTRALITA TELEFÓNICA DA CASA CONSISTORIAL.
No concello está en funcionamento unha centralita telefónica Unify (Siemens) OpenScape Business X8 adxudicada á empresa INSERPYME GLOBAL S.A. en 2020 e posta en funcionamento o 01/09/2020. A garantía da centralita finalizou o 31/08/2021. A centralita posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A.
2.- CENTRALITA TELEFÓNICA DO AUDITORIO.
No edificio do Auditorio está en funcionamento unha centralita telefónica Siemens 3300, con n/s SK52041171086, que posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A.
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Adxudicar á empresa un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica da casa consistorial (Unify (Siemens) OpenScape Business X8) para o ano 2026 por un importe de 3.817,65 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22200. A facturación deberá ser trimestral.
2.- Adxudicar á empresa INSERPYME GLOBAL S.A. un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica do edificio do Auditorio (Hicom 3300) para o ano 2026 por un importe de 319,44 € IVE incluído, con cargo á partida 334.22200. A facturación deberá ser trimestral.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0192**
Dáse conta de proposta do Departamento de Informática para renovación do servizo de soporte e mantemento das Fontes de Alimentación Ininterrompida (S.A.I.) do Concello coa Empresa SALICRU SA para o ano 2026.
1.- FONTES DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DA CASA CONSISTORIAL (nº contrato 9800000515).
Na casa consistorial están instalados e en funcionamento tres sistemas de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica para o funcionamento do sistema informático municipal, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.
Os Sistemas de Alimentación Ininterrompida son os seguintes:
S.A.I. UPS-50-DL, 50KVA, n/s X481-46, situación: casa consistorial.
S.A.I. SLC-10000-TWIN, 10KVA, n/s 080420-T024, situación: casa consistorial, sala de máquinas.
A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).
2.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DA SALA DE ORDENADORES (nº contrato 9800000514).
Na sala de ordenadores está instalado e en funcionamento un sistemas de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica

estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc. Esta máquina terminou a garantía en novembro de 2014.
Os Sistemas de Alimentación Ininterrompida é o seguinte:
S.A.I. SLC-10000-TWIN, 10KVA, n/s 232012B71624, situación: casa consistorial, sala de máquinas.
A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).
3.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DO AUDITORIO (nº contrato 9800000512).
No auditorio está instalado e en funcionamento un sistema de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.
O Sistema de Alimentación Ininterrompida é o seguinte:
S.A.I. UPS-8000-NX/3, 8 KVA, nº fabricación: 0039147, situación: Edificio Auditorio.
A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).
4.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) SALICRU UPS-5000-NXL DO SERVIZO DE EMERXENCIAS (nº contrato 9800000511).
No servizo de emerxencias está en funcionamento un sistema de alimentación ininterrompido marca SALICRU Tipo: UPS-5000-NXL S/N X471-309.
A finalidade destas máquinas é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.
A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).
O servizo de Soporte e mantemento das SAI´s SALICRU só pode ser realizado polo fabricante das mesmas dun xeito completo, garantindo o correcto funcionamento do hardware e software dos equipos..
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Adxudicar á empresa SALICRU, S.A. un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB das SAI´s da casa consistorial (SAI SLC-10000-TWIN (n/s:080420-T024, nº fabricación:232015D73880) e S.A.I. UPS-50-DL (n/s X481-46)) para o ano 2026 por un importe de 6.468,50 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.
2.- Adxudicar á empresa SALICRU, S.A. un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB, da SAI da sala de ordenadores (SAI SLC-10000-TWIN, con n/s 232012B71624) para o ano 2026 por un importe de 1.488,80 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.
3.- Adxudicar á empresa SALICRU, S.A. un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do auditorio (SAI UPS-8000-NX/3, nº fabricación: 0039147) para o ano 2026 por un importe de 1.508,17 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706
4.- Adxudicar á empresa SALICRU, S.A. un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do servizo de emerxencias (SAI UPS-5000-NXL, nº fabricación X471-309) para o ano 2026 por un importe de 975,45 €. Incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0193**

No concello está actualmente en funcionamento unha aplicación informática de Recursos Humanos GINPIX7, da empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA (SAVIA), a forma de explotación é en modo “Cloud”, modalidade SaaS, utilizando o entorno Savia Cloud. O cambio de forma de explotación de modo “on-premises” a modo “Cloud” foi a probado na X.G.L. do 6/11/2023.

O servizo de aloxamento e explotación de Ginpix7 en modo Savia Cloud e o servizo de soporte e mantemento da aplicación, pola modalidade SaaS, inclúe os seguintes conceptos:

- Servizo en modalidade SaaS para 5 usuarios con acceso á aplicación.
- Servizo en modalidade SaaS para a realización e ata 480 nóminas/mes destinadas aos empregados do Concello (funcionarios, laborais, cargos electos, plans de emprego etc.).
- Aloxamento da aplicación nunha infraestrutura cloud certificada
- Servizos SaaS (actualizacións aplicacións, copias seguridade)
- Acceso cloud aos usuarios nominais de Ginpix7 as seguintes funcionalidades software Ginpix:
    - Núcleo (Admon. Expedientes de Persoal e Easy Query)
    - Ciclo de Nómina (inclúe Ginpix7 Contratación)
    - Pluggin Interface Sistema Contabilidade Sicalwin
    - RRHH Estructura da Organización, Postos e Prazas.
    - RRHH Xestión Presupuestaria Capítulo I
    - Enlace coa aplicación de Contabilidade do Concello Sicalwin da empresa Aytos
- Acceso cloud aos usuarios nominais de Ginpix7 a Licenzas MS Office
- Mantemento e soporte da aplicación Ginpix7

A facturación consta de tres cotas:

1.- Una cota fixa segundo o número de usuarios da aplicación Ginpix7. O número de usuarios nominais de Ginpix7 contratados é de seis usuarios, pode ser ampliado en calquera momento. O importe mensual por usuario será de 37,65 € + IVE, polo tanto o importe mensual ofertado para cinco usuarios da aplicación será de 225,90 € + IVE.

2.- Unha cota variable en función do número de nóminas realizadas cada mes para os empregados municipais utilizando as funcionalidades cloud da solición Ginpix7. O número estimado de nóminas mensuais a realizar en 2026 é de 450. O importe mensual de cada nómina realizada será de 4.80 € + IVE, facturaranse 450 nóminas cada mes e farase unha regularización na facturación do último mes do ano 2026. O importe mensual ofertado é de 2.160,00 € + IVE.

O servizo de soporte e mantemento inclúe: documentación, vídeos e titorías; Un numero 900 gratuíto e as novas funcionalidades de Distribución de custes, Xestión de incidencias aperiódicas e expedientes de altas e baixas masivas.

Debido a contía deste contrato, o Concello realizará unha licitación plurianual para este servizo de hosting, soporte e mantemento..

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L. un servizo de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo “Cloud”, entorno “Savia Cloud”, modalidade SaaS) da aplicación de RRHH Ginpix7 para o ano 2026, por un importe de 34.643,27 € IVE incluído, con cargo á pargtda 9201.22706, estimándose unha media mensual de 450 nóminas.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0194**
No Edificio do SPAD sito na Avenida Juan Carlos I número 38 está en funcionamento unha centralita telefónica Siemens HiPath 3350, con n/s SK52041171086, que posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A.
A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INSERPYME GLOBAL S.A. un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica situada no edificio da Avenida Juan Carlos I número 38 (Hicom 3350) para o ano 2026 por un importe de 373,31 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22200. A facturación deberá ser trimestral.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0195**
Nas dependencias do edificio do SPAD situado en Avda. Juan Carlos I nº 38 está en funcionamento, desde o ano 2005, un sistema de alimentación ininterrompido marca SALICRU Tipo: SLC-8000-TWIN/3 PRO e nº fabricación 232014A70637 .
A finalidade destas máquinas é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, software de base etc.
A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).
O servizo de Soporte e mantemento das SAI´s SALICRU só pode ser realizado polo fabricante das mesmas dun xeito completo, garantindo o correcto funcionamento do hardware e software dos equipos..
Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SALICRU, S.A. un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI situada no edificio da avenida Juan Carlos I nº 38 (SAI SLC-8000-TWIN/3 PRO, nº fabricación 232014A70637) para o ano 2026 por un importe de 1.508,28 €. Incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## RECURSOS HUMANOS

**PRP2026/0204**
En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,
A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de decembro de 2025, coa seguinte desagregación:

| GRUPO MUNICIPAL | Número concelleiros | Comp. Fixo € | Compoñente variable € | Total Mes |
|---|---|---|---|---|
| PARTIDO POPULAR G36573152 | 9 | 350,00 | 300,00 x 9 = 2.700,00 € | 3.050,00 € |
| PSdeG-PSOE G36573277 | 9 | 350,00 | 300,00 x 9 = 2.700,00 € | 3.050,00 € |
| BNG V36594372 | 2 | 350,00 | 300,00 x 2 = 600,00 € | 950,00 € |
| ESQUERDA UNIDA | 1 | 350,00 | 300,00 x 1 = 300,00 € | 650,00 € |

| V94192663 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | T O T A L | 7.700,00 € |

**PRP2026/0205**
Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno (non se realizaron plenos no mes de decembro), Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2025, por un importe total de 3.200,00 € e con cargo á partida 912.233:

| CARGO ELECTO | PLENOS E XGL | | COMISIÓNS INFORMATIVAS | | MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO | | TOTAL EUROS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº sesións | Importe | Nº sesións | Importe | Nº sesións | Importe | |
| D. CARLOS COIRA LOJO | 5 | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | 2 | 50,00 € | 850,00 € |
| D. DIEGO GARCIA SANTIAGO | 5 | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 750,00 € |
| Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ | 5 | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 750,00 € |
| D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO | 3 | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | 1 | 50,00 € | 500,00 € |
| D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO | --- | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 100,00 € |
| D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ | --- | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | 4 | x 50,00 € | 200,00 € |
| D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO | --- | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 50,00 € |
| T O T A L | | | | | | | 3.200,00 € |

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

**PRP2026/0173**
En cumprimento dos termos do convenio e do acordo da XGL, o 22 de decembro de 2025, o Concello transfire a Zona Aberta, na conta habilitada para a xestión dos bonos, a cantidade de 22.500 Euros, correspondentes á primeira conta da aportación municipal.
O 30 de decembro de 2025, Zona Aberta, presenta a través de sede electrónica, solicitude de transferencia do 40% restante (15.000 €) da aportación municipal, xuntando á súa solicitude estrato bancario das transferencias realizadas aos comercios entre a data do ingreso por parte do Concello e o 30 de decembro de 2025, data na que, tal como consta no documento bancario, a conta queda con saldo de 2,65 €.
Constan no expediente:
- Certificacións acreditativas de que a Entidade Colaboradora está ao día coa ATRIGA, AEAT, Seguridade Social e Concello de Vilagarcía.
- Informe do Servizo encargado do seguimento, nos termos do artigo 88.3 do RLXS
Na tramitación deste procedemento observáronse as prescricións legais das disposicións que serven de base á fundamentación xurídica da presente proposta, así como da lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas , da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
Tendo en conta o exposto e vista a documentación aportada aos efectos de xustificación, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a xustificación presentada por parte da Asociación de Comerciantes “Zona Aberta”, considerando acreditada a transferencia da cantidade de 22.500 correspondente á primeira cota abonada polo Concello o 22 de decembro de 2025. aos establecementos comerciais que constan no estrato bancario aportado.
- O recoñecemento da obriga e aboamento a favor da Entidade Colaboradora Zona Aberta da cantidade de 15.000 €, equivalente ao 40 % do total da aportación municipal, en cumprimento dos termos do convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 4311-470.

**PRP2026/0216**
Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 2 de xaneiro de 2026, das bases reguladordas e convocatoria do Plan de obras e Servizos de Competencia Municipal "Plan Máis Provincia 2026", liña 3 activación do emprego 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra.
A Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a solicitude de subvención, por un importe total de 284.681,94€ (cunha aportación municipal de 293.951,78 €) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2025, Liña 3 (Plan Mais Provincia 2025) para a contratación de 33 traballadores/as desempregados, a tempo completo, por 8 meses, tendo prevista a data de inicio do programa o día 1 de abril de 2026.
As tarefas a realizar e os traballadores solicitados do PLAN MAIS PROVINCIA 2025 LIÑA 3 CONCELLO DE VILAGARCÍA serán os seguintes a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego:
**1.- Xestión Forestal preventiva e recuperación medioambiental.**
- 4 Peóns forestais (8 meses a tempo completo)
- 1 Peón condutor operador de retroexcavadora (8 meses a tempo completo).
**2.- Eficiencia enerxética:**
- 2 Peóns Instaladores electricistas, (8 meses a tempo completo).
- 1 Peón pintor ( 8meses a tempo completo)
**3.- Pintura e sinalización viaria**:
- 5 Peóns pintores/as e/ou empapeladores (8 meses a tempo completo).
4.- **Conservación, rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas municipais:**
- 12 Peóns axudantes albaneis (8 meses a tempo completo).
- 1 Peón fontaneiro/a (8 meses a tempo completo).
**5 .- Recuperación e mellora parques, xardíns e zonas naturais:**
- 4 Peóns Traballadores/as de Conservación de Parques Urbanos, Xardíns Históricos e Botánicos, (8 meses a tempo completo).
**6.- Control e mantemento de instalacións de deportes da Fundación Municipal de Deportes.**
- 2 Peón Axudante mantenedor de instalacións deportivas (8 meses a tempo completo).
**7.- Asistencia ao Servizo de Protección Civil na recollida e auxilio de animais.**
- 1 Peón laceiro/a recollida de animais (8 meses a tempo completo).
- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que se van a contratar e a súa categoría profesional.
- Comprometerse a incluir no orzamento do exercicio os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.
- O custe total dos traballadores sería o seguinte:

| Custe total 33 traballadores/as 8 meses a tempo completo | Límite máximo subvención Liña 3 - PLAN MAIS PROVINCIA 2024 | Diferenza/aportación municipal |
|---|---|---|
| 538.127,04 | 293.951,78 | 244.175,26 |

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2026/0176**
O “Programa Universitario de Maiores IV Ciclo” que se pretende subvencionar, foi articulado mediante convenios de colaboración nos últimos anos coa Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dun programa de formación dirixido aos alumnos e alumnas maiores de 50 anos, con independencia do seu nivel previo, pero con características e demandas de formación reguladas, que cada vez en maior medida esixe a composición demográfica da poboación.
A Universidade de Santiago de Compostela está interesada no achegamento da referida actividade a poboacións con esa demanda formativa, sendo o Concello de Vilagarcía de Arousa

lugar idóneo para achegar a mesma á poboación de maiores da Comarca do Salnés.
A Universidade de Santiago e o Concello de Vilagarcía de Arousa suscribiron o 28/07/2021 o convenio de creación dunha sede de dito programa. Agora, proponse a súa renovación para impartir o 5º ano ao alumnado xa matriculado. O convenio manterase vixente por 1 ano dende a data da súa sinatura, que se corresponderá co curso académico 2025/2026.
A sede residirá, como nos anteriores cursos académicos, no Centro de Formación Matosinhos en Vilagarcía de Arousa.
O Concello de Vilagarcía de Arousa outorgará unha subvención de 20.362,95€ á Universidade para afrontar gastos derivados da docencia, coordinación, desprazamento, dietas e locomoción do profesorado e titores, así como do material didáctico necesario.
O prazo de xustificación da subvención finalizará o 30 de setembro de 2026, agás que se solicitase e concedese unha prórroga.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:
PRIMEIRO. Aprobar o texto do convenio.
SEGUNDO. Autorizar e dispoñer o gasto coa Universidade de Santiago de Compostela (Q1518001A) por importe de 20.362,95€ e con cargo aplicación orzamentaria 320-48900.

**MERCADOS**

**PRP2026/0186**
Visto o escrito de Don Carlos Amo Doce, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., o martes de Entroido 2026, no lugar habitual de todos os fins de semana, na Avda. da Mariña.
Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

**PRP2026/0187**
Visto o escrito de Don Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., o martes de Entroido, no lugar habitual de todos os sábados e domingos, na Avda. da Mariña (fronte ao quiosco Gomilandia).
Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

**PRP2026/0188**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Villanueva Fajardo solicitando a baixa do posto nº 8, Zona H, exteriores, da Praza de Abastos, por xubilación o 31 de xaneiro de 2026.
Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión do posto nº 8 da Zona H, exteriores, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos, con data 31 de xaneiro de 2026.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### XUVENTUDE

**PRP2026/0203**
Dáse conta da Orde do Ministerio de Cultura e Deporte pola que se convocan subvencións en réxime de concorrencia competitiva PARA A PROMOCIÓN DA LECTURA E AS LETRAS ESPAÑOLAS CORRESPONDENTES AO ANO 2026.
A Orde establece a posibilidade de acceder á axuda tanto de proxectos a desenvolver en Castelán como nas linguas oficiais das CCAA.
As axudas teñen por finalidade a promoción da lectura entre o público en xeral, festivais literarios, feiras do libro e accións de promoción da lectura e da lectura de calidade entre a poboación infantil e xuvenil.
Con cargo a esta convocatoria fináncise como máximo o 50% do custo total efectivo de cada actividade subvencionada. O 50% restante deberá ser financiado polo Concello de Vilagarcía, a través das partidas das concellerías de Xuventude, Cultura e Turismo, mediante os seus recursos e ingresos propios ou mediante outras axudas públicas.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o proxecto de "Vilagarcía, Cidade de Libro 2026".
A cantidade estimada para o desenvolvemento do programa "Vilagarcía, Cidade de Libro", ascende a un total de 78.000 euros, solicitando ao Ministerio de Cultura, 39.000 euros.
A distribución do gasto por partidas sería o seguinte:

| Departamento | gasto | partida |
|---|---|---|
| Concellería de Xuventude | 36.500 euros. | 2314/22610 |
| Concellería de Cultura | 36.500 euros. | 334/22609 |
| Concellería de Turismo | 1000 euros. | 432/22610 |
| Comunicación Social | 4.000 euros | 926/22602 |

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2026/0202**
A Consellería de Política Social ten convocadas para o presente exercicio 2026, axudas para o fomento da contratación de mulleres que sufren violencia de xénero inscritas no servizo público de emprego como demandantes, ou como mellora de emprego.
A poboación de Vilagarcia a sítúa entre as entidades que poden solicitar subvención ata un máximo de 4 contratacións.

A contía da subvención por cada muller contratada a tempo completo, será a necesaria para sufragar ata un máximo de 12 mensualidades, segundo Convenio Colectivo en vigor e acorde coa categoria profesional.

- Comprendendo as retribucións salariais brutas totais.
- incluída a parte proporcionáis das pagas extraordinarias
- as cuotas á seguridade social por parte da empresa, na mesma cantidade que a fixada para o salario,

Aos efectos desta subvención no se considerarán custos salariais subvencionables:

- O importe da indemnización prevista no artigo 49.1c do estatuto dos traballadores.
- Incentivos e gratificación extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

No caso de resolución positiva da solicitude, os contratos deberán estar formalizados antes do 09 de outubro de 2026.
En base ao exposto a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aprobar a solicitude de subvención para a contratación de catro mulleres en situación de violencia de xénero, polo período de 12 meses, coa categoria profesional correspondente ao Grupo V e con destino nos servizos de conxerxería e xardins preferentemente, polas seguintes cuantías:
A contía para a que se solicita subvención é: 93.829,20 €
A contía a aportar pola parte do Concello é: 2.214,24€
2.- Aprobar a aportación municipal para financiar a parte non subvencionable da acción que se detalla, así como os custos derivados de IT, que non serían subvencionables.
3.- As retribucións salariais brutas totais en cómputo mensual, incluidas a parte proporcional de pagas extra, as cotas a seguridade Social se corresponden co Convenio Colectivo vixente.
Consultado co departamento de persoal, estas retribucións quedan desagregadas do seguinte xeito:
GR. V (AP) CONSERXEIRIA N. compl. (C.D.) 7 Ocup: CNAE – 38,3

| Salario Base | Complemento/CD | Incentivo | Rateo paga extra | Rateo PE Incentivo | Total Retribucións | Indemn. Cese | SS Empresa | Custo total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 686,07€ | 227,07€ | 323,12€ | 147,75€ | 53,85€ | 1437.86€ | 46.13€ | 479,53€ | 1.963,52€ |

GR. V (AP) XARDINS N. compl. (C.D.) 7 Ocup: CNAE – 38,3%

| Salario Base | Complemento/CD | Incentivo | Rateo paga extra | Rateo PE Incentivo | Total Retribucións | Indemn. Cese | SS Empresa | Custo total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 686,07€ | 227,07€ | 323,12€ | 147,75€ | 53,85€ | 1437.86€ | 46.13€ | 554,30€ | 2.038,29€ |

| TRABALLADORAS | CUSTO TOTAL MENSUAL SUBVENCIONABLE/ 4 TRABALLADORAS | SUBVENCIÓN a SOLICITAR (4 Traballadoras/12meses) Xornada Completa |
|---|---|---|
| 4 | 93.829,20€ | 93.829,20€ |

| TRABALLADORAS | Indemniz. Cese mensual/ 4 traballadoras | TOTAL APORTACIÓN CONCELLO |
|---|---|---|
| 4 | 184,52€ | 2.214,24 |

## CULTURA

### PRP2026/0163

Dáse conta da solicitude de D. Jorge Puyuelo BArios, en representación de Grey Coda SL, de autorización de uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 3 de xaneiro de 2026, durante todo o día, para a celebración do espectáculo LA GRANJA DE ZENÓN e ABBA, cun prezo de entrada de:
- LA GRANJA DE ZENÓN: Zona A: 32,00 €; Zona B: 30,00 €; Zona C: 28,00 € (máis gastos de xestión).
- ABBA: Zona A: 38,00 €; Zona B: 34,00 €; Zona C: 30,00 € (máis gastos de xestión).
A recadación obtida pola venda de entradas foi para a entidade solicitante.
Visto o informe da Concellería de cultura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 165,75 €
- Operarios (2): 331,50 €
- Persoal de taquilla (2): 163,20 €
- TOTAL: 925,15 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2026/0164**

Vista a solicitude de D. Ignacio Maria Iturrarte Alduncin, en representación de Goldberg Ediciones SL (B31599715), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 5 de febreiro de 2026, durante todo o día, para a celebración do espectáculo EL CASCANUECES, a cargo do Ballet de Kiev, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: 26,00 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala:  147,90 €
- Operarios (2): 295,80 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL:790,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2026/0166**

Vista a solicitude de D. Iago m anuel Regueiro Diaz, en representación de Etiqueta Negra Producciones SL (B27495431), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 25 de abril de 2026, durante todo o día, para a celebración do espectáculo "APOCALIPTICAMENTE CORRECTO", monólogo de Luis Piedrahita, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A e Zona B: 22,00 €; Zona C: 20,00 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 114,75 €
- Operarios (2): 229,50 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL:690,55 €
Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2026/0159**
Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2026, por importe de 3.252,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0129**
Pola Concellería de Cultura proponse a solicitude da seguinte actividade a realizar no programa das festas de San Roque: ESPECTÁCULO COMBATE NAVAL VILAGARCIA 2026 ao abeiro da convocatoria das bases do PLAN MÁIS PROVINCIA 2026 , liña 2 (BOPPO número 1 mércores, 2 de xaneiro de 2026): “ (está destinada a financiar o gasto corrente derivado da programación de actividades culturais, deportivas, sociais, entre outras, da prestación dos servizos recollidos no capítulo II do orzamento de gastos, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións e mais as obras puntuais que non teñen a consideración de investimentos, así como a amortización das débedas contraídas con entidades financeiras, acredores de investimentos e acreedores de gasto corrente)”
O tradicional Combate Naval contemplado dentro da programación das Festas de San Roque 2026, que se celebrará no mes de agosto (22 de agosto de 2026) é un dos eventos máis concorrido, no que as/os veciñas/os de Vilagarcía e de outras poboacións, así como veraneantes acoden a ver este espectáculo de fogos de artificio.
O gasto previsto para a prestación de este servizo denominado COMBATE NAVAL, detallada no programa da memoria xustificativa , supón un orzamento total 38.970,89 € máis 8.183,88 € de 21% de I.V.E. , facendo un total de 47.154,78€.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o "Espectáculo Combate Naval Vilagarcía 2026" por un total de 47.154,78 € (i.v.e. engadido).

**PRP2026/0128**
Na Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 19 de maio de 2025, deuse conta do acordo de X.G.L. da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se concedía ao Concello de Vilagarcía a cantidade de 123.065,63 €, con destino ao financiamento de "Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social" ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan + Provincia 2025) (Liña 2), entre os que figuraba:

| | Orzamento | Subvención |
|---|---|---|
| Espectáculo combate naval Vilagarcía 2025 | 46.943,53 € | 46.943,53 € |

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan + Provincia 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra para a actividade denominada COMBATE NAVAL, facendo constar:

PRIMEIRO:Que se realizou a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.
Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.
SEGUNDO:O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

| Nº Fra. | proveedor | cif | Concepto | importe | data de pagamento |
|---|---|---|---|---|---|
| 25-120 | PIROTECNIA PENIDE S.L | B15209430 | Servizo Lanzamento de fogos artificio "Combate Naval 2025" San Roque 2025 | 46.004.66€ | 28-10-2025 |

TERCEIRO: Non se solicitou nin recibiu ningunha outra subvención ou axuda para a finalidade subvencionada.
CUARTO:O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumplimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma
QUINTO:Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación.

**PRP2026/0180**
Unha das actividades máis destacadas no Entroido é o DESFILE DE DISFRACES E CARROZAS, que este ano será o vindeiro martes día 17 de febreiro de 2026.
Este desfile ten carácter competitivo, polo cal para participar na actividade, esta Concellería de Cultura formula unhas bases que regulen o concurso:

- PERCORRIDO
- PREMIOS
- ACCESIT (PREMIOS CHOQUEIROS)
- AVALIACIÓN DO XURADO
- NORMAS

Así mesmo, todos aqueles participantes, para poder concursar neste desfile de Disfraces e Carrozas, deberán inscribirse na Concellería de Cultura, na data e horarios establecidos nas bases obxecto de aprobación. Deberán cubrir a instancia que será publicada na sede electrónica, na web do Concello ou ben na propia Concellería de Cultura.
O gasto total de premios ascende a cantidade de 7.300,00€ con cargo o orzamento deste departamento de Cultura, e que a continuación se detallan segundo a categoría e modalidade que se establecen nas bases::
Os premios da edición 2026 do Desfile-Concurso serán:

| | | | |
|---|---|---|---|
| INFANTIL: ata 13 anos | Individual | 1.° premio | 100,00 € |
| | | 2.° premio | 75,00 € |
| | | 3.° premio | 50,00 € |
| | Parella | 1.° premio | 150,00 € |
| | | 2.° premio | 100,00 € |
| | | 3.° premio | 75,00 € |
| XERAL: 14 ou máis anos | Individual | 1.° premio | 100,00 € |
| | | 2.° premio | 75,00 € |
| | | 3.° premio | 50,00 € |
| | Parella | 1.° | 150,00 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | premio | |
| | | 2.° premio | 100,00 € |
| | | 3.° premio | 75,00 € |
| COMPARSA: agrupación de persoas disfrazadas baixo unha mesma temática ou proposta | Grupo de ata 20 persoas | 1.° premio | 800,00 € |
| | | 2.° premio | 500,00 € |
| | | 3.° premio | 300,00 € |
| | Grupo de 21 ou máis persoas | 1.° premio | 1.300,00 € |
| | | 2.° premio | 800,00 € |
| | | 3.° premio | 500,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| PREMIOS ESPECIAIS | Mellor carroza | 500,00 € |
| | Mellor animación | 500,00 € |
| | Mención do xurado | 500,00 € |
| | Choqueiros | 500,00 € |

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para participar no DESFILE DE DISFRACES E CARROZAS do martes día 17 de febreiro de 2026, ENTROIDO 2026 para a súa publicación, así como o gasto para os premios, segundo o establecido nas bases, que ascende a cantidade de 7.300,00€ con cargo á partida orzamentaria 334.48100.

**PRP2026/0183**

Vista a solicitude de D. Moisés Campos Maneiro, en representación da Asociación Enanito de las Uvas (G16467532), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun serán (Xantar San Fidel) o vindeiro día 14 de febreiro de 2026, en O Carril:

- Actuación da Asociación Cultural Os Xirifeiros (gaitas) por un importe de 225,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/0184**

En Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 03-02-2025, adoptou entre outros aprobar o gasto por un valor de 6.704,00€ correspondente a Póliza de Seguros de R.C. e Accidentes de SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS para os Centros Culturais que a continuación se detallan:
- CENTRO CULTURAL VILAXOÁN
- CENTRO CULTURAL TRABANCA SARDIÑEIRA
- CENTRO CULTURAL SOBRADELO
- CENTRO CULTURAL RENZA
- CENTRO CULTURAL O PIÑEIRIÑO
- CENTRO CULTURAL GALÁNS
- CENTRO CULTURAL FONTECARMOA

- CENTRO CULTURAL CORNAZO
- CENTRO CULTURAL CEA
- CENTRO CULTURAL A TORRE
- CENTRO CULTURAL TRABANCA BADIÑA
- CENTRO CULTURAL BAMIO (2 INSTALACIÓNS)
- CENTRO CULTURAL CARRIL

No ano 2025 distintos centros culturais que asumiron directamente o gasto de Póliza do Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes .

Para este ano 2026, dous Centros Culturais que no ano 2025 asumiron directamente o gasto da Póliza do Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes, neste caso Centro Cultural de Faxilde e Centro Cultural de Guillán solicitaron a súa inclusión na Póliza para o presente ano

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un valor de 7.464,00 € correspondente a Póliza de Seguros de R.C. e Accidentes de SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS para os Centros Culturais indicados na proposta, con cargo a aplicación orzamentaria 334.224, de conformidade co orzamento presentado, para os centros culturais municipais que a seguir se indican:

CENTRO CULTURAL DE VILAXOÁN
CENTRO CULTURAL DE TRABANCA SARDIÑEIRA
CENTRO CULTURAL DE SOBRADELO
CENTRO CULTURAL DE RENZA
CENTRO CULTURAL DE O PIÑEIRIÑO
CENTRO CULTURAL DE GALÁNS
CENTRO CULTURAL DE FONTECARMOA
CENTRO CULTURAL DE CORNAZO
CENTRO CULTURAL DE CEA
CENTRO CULTURAL DE A TORRE
CENTRO CULTURAL DE TRABANCA BADIÑA
CENTRO CULTURAL DE BAMIO (2 INSTALACIÓNS: Centro Cultural e Centro Social)
CENTRO CULTURAL DE CARRIL
CENTRO CULTURAL DE FAXILDE
CENTRO CULTURAL DE GUILLÁN

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

**PRP2026/0101**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de repartición de crédito conforme ás Bases 5ª e 6ª das Reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, correspondendo ao Concello de Vilagarcía un total para o ano 2026 de 1.530.998,84 €, coa seguinte repartición por liña:

- Liña 1: 1.071.699,19 €.
- Liña 2: 127.072,90 €
- Liña 3: 293.951,78 €
- Liña 4: 38.274,97 €

En canto ao crédito do exercicio 2027 que só se poderá destinar ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, resulta a seguinte repartición:

- Vilagarcía de Arousa - Liña 1: 1.071,699,19 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0135**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 19 de maio de 2025, acordou aprobar o proxecto técnico denominado “Proxecto de humanización e peonalización da rúa Esperanza”, redactado polo arquitecto don Juan Antonio Villanueva Ruíz (de Sólido Estudio de Arquitectura,

S.C.), cun importe de licitación de 416.855,51€ (IVE engadido).
Tal e como se reflicte no citado documento técnico, a zona obxecto da intervención proxectada, sita no casco histórico de Carril, ten un nivel de degradación elevado, o que xustifica a especial necesidade de levar a cabo estas actuacións. As obras buscan gañar espazo para os viandantes cunha renovación total da rúa Esperanza e Travesía Lucena, que incluirá a substitución das instalacións de abastecemento de auga, iluminación, saneamento e pluviais; ademais de substitución o pavimento existente por un homoxéneo, eliminando en todo o posible as barreiras existentes, para lograr unha importante mellora da accesibilidade.
Consta no expediente Resolución de autorización na zona de protección da estada PO-548, asinada polo Xefe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, pola que este servizo autoriza as obras de referencia no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas.
O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.
O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 416.855,51€ (IVE engadido).
O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 4 meses.
O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2026, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027) destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.
Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 14 de xaneiro de 2026, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

| CONCELLO | TOTAL 2026 | LIÑA 1 | LIÑA 2 | LIÑA 3 | LIÑA 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Vilagarcía de Arousa | 1.530.998,84€ | 1.071.699,19€ | 127.072,90€ | 293.951,78€ | 38.274,97€ |

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (PLAN + PROVINCIA 2026-2027), por importe de 416.855,51€ para financiar o investimento “Humanización e peonalización da rúa Esperanza”.

**PRP2026/0136**
A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 5 de xaneiro de 2026, acordou aprobar o proxecto técnico denominado “Proxecto mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio”, redactado pola arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, cun importe de licitación de 265.386,95 € (IVE engadido).
Tal e como se reflicte no citado documento técnico, esta obra plantéxase como a continuación da humanización realizada fai uns anos na rúa Aquilino Iglesia Alvariño. Con esta nova intervención proxectada, búscase dotar á citada rúa dunha maior accesibilidade para mellorar o tránsito peonil na zona obxecto da actuación, ao tempo que tamén se busca aumentar o número de prazas de aparcamento gratuítas mediante un aparcadoiro disuasorio.
O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.
O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 265.386,95 € (IVE engadido).
O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 4 meses.
O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2026, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.
Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 14 de xaneiro de 2026, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

| CONCELLO | TOTAL 2026 | LIÑA 1 | LIÑA 2 | LIÑA 3 | LIÑA 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Vilagarcía de Arousa | 1.530.998,84€ | 1.071.699,19€ | 127.072,90€ | 293.951,78€ | 38.274,97€ |

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (PLAN + PROVINCIA 2026-2027), por importe de 265.386,95 € para financiar o investimento "Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio".

**PRP2026/0160**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 29 de decembro de 2025, acordou aprobar o proxecto técnico denominado "Obras de urbanización de terreos a ceder para incorporar a vial público en Fontecarmoa", redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cuxo importe de licitación ascende a 392.980,61€ (IVE engadido).

Tal e como se reflicte no citado documento técnico, a rúa Fontecarmoa é un dos viais de acceso ao núcleo urbana de Vilagarcía, polo que a diario ten unha importante intesidade de circulación de vehículos. Á altura do número 98 do citado vial, a escasa anchura e o feito de que se trate dun tramo curvo con escasa visibilidade

Co obxectivo de mellorar este vial, o concello de Vilagarcía asinou un convenio de cesión cos propietarios da parcela afectada pola aliñación do PXOM. Mediante as actuacións descritas no proxecto técnico de referencia descríbense as obras necesarias para a delimitación da parcela e urbanización dos terreos que se incorporarán ao vial municipal na rúa Fontecarmoa.

Consta no expediente convenio de asinado entre o concello de Vilagarcía de Arousa e Dona Mª Patricia Presas Prego, polo que Dona Mª Patricia Presas Prego cede ao concello unha superficie de 505 m2 de superficie, nas condicións recollidas no citado texto.

Tal e como figura no expediente, con data 16 de setembro de 2025 foron solicitados os seguintes informes sectoriais: a Augas de Galicia e á Comisión Territorial de Patrimonio Histórico – Artístico da Dirección Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 392.980,61€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 6 meses.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2026, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 14 de xaneiro de 2026, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

| CONCELLO | TOTAL 2026 | LIÑA 1 | LIÑA 2 | LIÑA 3 | LIÑA 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Vilagarcía de Arousa | 1.530.998,84€ | 1.071.699,19€ | 127.072,90€ | 293.951,78€ | 38.274,97€ |

Visto que foron remitidas as seguintes propostas á Xunta de Goberno Local, na súa vindeira sesión de 26 de xaneiro de 2026, de solicitude de subvención con cargo á liña 1 do citado Plan Máis Provincia:

| Investimentos | Importe da solicitude |
|---|---|
| Humanización e peonalización da rúa Esperanza | 416.855,51 € |
| Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio | 265.386,95 € |
| Total dos 2 investimentos | 682.242,46 € |
| Importe restante liña 1 do Plan Máis Provincia | 389.456,73 € |

Tendo en conta que a disposición xeral quinta das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) establece que o traspaso de crédito da liña 4 cara a liña 1 pode producirse en calquera momento e sen límite, sería necesario

o traspaso da liña 4 á Liña 1 da cantidade de 3.523,88€, para completar o importe total do investimento denominado “Obras de urbanización de terreos a ceder para incorporar a vial público en Fontecarmoa”.

| | |
|---|---|
| Liña 4. Total concedido | 38.274,97 € |
| Arrastre a liña 1 | 3.523,88€ |
| Saldo liña 4 | 34.751,09€ |

Con esta transferencia da liña 4 os investimentos solicitados con cargo á liña 1 son os seguintes:

| Investimentos liña 1 | Importe da solicitude |
|---|---|
| Humanización e peonalización da rúa Esperanza | 416.855,51€ |
| Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio | 265.386,95 € |
| Obras de urbanización de terreos a ceder para incorporar a vial público en Fontecarmoa | 392.980,61€ |
| IMPORTE TOTAL INVESTIMENTOS CON CARGO A LIÑA 1 | 1.075.223,07 € |

Visto o que antecede, a Xunta de Goberrno Local acorda:
1.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o traspaso de 3.523,88€ da Liña 4 á Liña 1 do importe que lle corresponde ao concello de Vilagarcía de Arousa ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2026-2027.
2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2026-2027, a cantidade de 392.980,61€ para financiar o investimento “Obras de urbanización de terreos a ceder para incorporar a vial público en Fontecarmoa”.

**PRP2026/0178**
O concello de Vilagarcía de Arousa conta cun amplo patrimonio que debe ser obxecto de especial conservación e de posta en valor para o seu coñecemento e desfrute por toda a cidadanía.
Con esta finalidade promóvese o presente contrato, cuxo obxecto é a redacción de proxecto arqueolóxico e de musealización da Factoría romana e Porta do Castro de Alobre sito na Avenida Valle Inclán 15 de Vilagarcía de Arousa. O proxecto arqueolóxico que será elaborado deberá abranguer, por tanto, tres destacados bens patrimoniais da cidade: o Castro de Alobre, o xacemento romano de Arealonga e a Factoría de salga romana.
Este contrato encádrase no marco do acordo acadado, mediante convenio de cesión de dereito de uso de terreo, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Mercadona S.A. Unha vez Mercadona S.A. realizou as tarefas previas á materialización da cesión, recollidas na cláusula terceira do citado convenio; o concello de Vilagarcía de Arousa procede, co presente contrato, a dar cumprimento á cláusula terceira que indica que “A cesionaria procederá ao encargo dos traballos técnicos de redacción do proxecto de musealización, dirección de obra e a execución dos traballos de musealización”.
Foi solicitado orzamento para a redacción de proxecto arqueolóxico e de musealización da Factoría romana e Porta do Castro de Alobre á mercantil CITANIA-ARQUEOLOXÍA, S.L. (NIF: B36571057), D. Israel Picón Platas, en representación da mesma, presenta a oferta seguinte:

| Descrición: | UND | PR/UND | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| Redacción de Proxecto arqueolóxico e de musealización | 1 | 800,00 € | 800,00 € |
| SUBTOTAL | | | 800,00 € |
| IVE (21%) | | | 168,00 € |
| TOTAL | | | 968,00 € |

O valor estimado do contrato é de 800,00 €.
Considérase un prazo de execución de 3 meses.
Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “REDACCIÓN DE PROXECTO ARQUEOLÓXICO E PARA A MUSEALIZACIÓN DA FACTORÍA ROMANA E PORTA DO CASTRO DE ALOBRE” á mercantil CITANIA-ARQUEOLOXÍA, S.L. (N.I.F. B36571057), por un importe total de 800,00 € (sen IVE) 968,00 € (con IVA), con cargo á aplicación orzamentaria 150.22706.

**PRP2026/0197**

Pola empresa que actualmente presta o servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, CLECE S.A, remítese proposta para a prestación do devandito servizo do 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026, cun incremento do 3,63% en base previsións de inflación contidas no informe do Banco de España (marzo 2025) sobre proxeccións macroeconómicas da economía española 2025-2027, que sitúa a inflación en un 2,5% para 2025 e un 1,7% para 2026.

Na actualidade a continuidade do servizo unicamente é posible durante 9 meses que vai do 1 de decembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026.

A man de obra supón aproximadamente un 85% do custe do servizo. O convenio colectivo de aplicación é o Convenio Colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra, que rematou a súa vixencia en decembro de 2022 e que foi denunciado na súa totalidade. No convenio indícase en canto á súa duración e vixencia que se entenderá tacitamente prorrogado por períodos anuais sempre que por calquera das partes non sexa denunciado cando menos con tres meses de antelación ao seu vencemento ou de calquera das súas prórrogas. Caso de non chegar a una negociación despois de realizada a denuncia, o texto do convenio quedará prorrogado, non así os conceptos salariais que aumentarán de acordo coa la subida do IPC real.”

Actualmente estase a negociar un novo convenio colectivo de limpeza da provincia de Pontevedra, que no caso de non chegar a acordo, implicará que os salarios aumenten coa subida do IPC real.

A empresa remite a relación de instalacións (ver arquivo adxunto) onde actualmente se realiza a limpeza e no que se reflexa o seu custe mensual, que ascende a 121.380,30 € (con IVE). O custe anual do servizo ascende a 1.453.321,24 € (con IVE).

A necesidade de continuar coa prestación do servizo de limpeza en tanto no se adxudica o novo contrato, ven determinada por razóns de hixiene e salubridade pública, xa que a falta de limpeza nos edificios e instalacións que dependen do concello de Vilagarcía de Arousa (colexios, escolas infantís, auditorio, casa consistorial, instalacións deportivas, Fexdega, etc.) determinaría a imposibilidade de prestar os servizos públicos aos que están adscritos os mesmos co conseguinte perxuízo para os cidadáns.

Realizada a retención de crédito para garantir a suficiencia e adecuación do crédito orzamentario para a continuidade da prestación, no FPSDM e as distintas transferencias de crédito no orzamento municipal do Concello (no que se inclúe as instalacións de Fexdega) para o mesmo.

O edificio da fundación Fexdega, pertence a devandita Fundación Feiras e Exposicións de Galicia. A fundación réxese polo Padroado, sendo o seu Presidente o Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa. Tanto o edificio como os terreos circundantes veñen sendo xestionados dende o Concello de Vilagarcía de Arousa e, destinase maioritariamente servizos municipais básicos, motivo polo que o Concello asume a súa conservación e mantemento, atopándose dentro destas obrigas, a limpeza das instalacións do recinto de Fexdega.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencia e instalacións municipais, colexios públicos, e recinto Fexdega, por parte da empresa CLECE S.A. por importe de 965.343,69 € dende o 1 de decembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026, comezando a facturar a partir do 01/01/2026 , con cargo ás aplicacións orzamentarias que de seguido se relacionan :

| APLICACION ORZAMENTARIA | COSTE DE 1 MES DE diciembre de 2025 | COSTE DE 8 MESES DE Xaneiro a Agosto 2026 | PROXECTO |
|---|---|---|---|
| 133-22700 | 407,54 | 3.260,30 | |
| 135-22700 | 549,50 | 4.395,98 | |
| 1530-22700 | 711,20 | 5.689,58 | |
| 1722-22700 | 2.852,15 | 22.817,23 | |
| 2311-22700 | 2.921,44 | 23.371,51 | 2025/3/CRRTE/2 |
| 241-22700 | 432,77 | 3.462,15 | |
| 320-22700 | 57.218,01 | 455.922,71 € | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 323-22700 | 4.968,67 | 39.749,37 | 2025/3/CRRTR/1 |
| 3261-22700 | 1.910,05 | 15.280,39 | |
| 3262-22700 | 1.289,51 | 10.316,05 | |
| 3321-22700 | 6.327,69 | 49.200,57 | |
| 334-22700 | 9.883,40 | 79.067,22 | |
| 4312-22700 | 7.745,52 | 61.964,13 | |
| 432-22700 | 374,21 | 2.993,68 | |
| 459-22700 | 200,31 | 1.602,46 | |
| 920-22700 | 9.828,69 | 78.629,55 | |
| TOTAL | 107.620,65 | 857.722,89 | |
| TOTAL 9 MESES | | | 965.343,69 € |

2.- A continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencia e instalacións deportivas (FUNDACIÓN DE DEPORTES), por parte da empresa CLECE S.A. por importe de 13.759,65 € para decembro de 2025 e 110.077,17 € dende xaneiro a agosto de 2026 , con cargo á aplicación orzamentaria que de seguido se relaciona para un prazo de 9 meses:

| APLICACION ORZAMENTARIA | COSTE DE 1 MES DE 2025 | COSTE DE 8 MESES DE 2026 | PROXECTO |
|---|---|---|---|
| 342-22700 | 13.759,65 | 110.077,17 | FUNDACION DE DEPORTES |
| TOTAL | 13.759,65 | 110.077,17 | |
| TOTAL 9 MESES | | | 123.836,85 € |

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2026/0151**

Dáse conta da Instrucción da Intervención Municipal relativa ao procedemento a seguir na tramitación de subvencións que financien gastos dos servizos.

A citada Instrución ten por finalidade establecer criterios técnicos e procedimentais comúns para a correcta tramitación, seguimento e control dos gastos con financiamento afectado que se executen polos distintos servizos e áreas municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a mesma aos Servizos Municipais.

**PRP2026/0189**

Na sesión da Xunta de Goberno Local, de data 29/12/2025, adoptouse acordo polo que se dispuxo "aprobar o pago non orzamentario a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 116.566,08 € polas cantidades recadadas durante o exercicio 2024 en concepto de recargo provincial sobre o I.A.E., con cargo a R.O.E. aplicación 4/00/100".

No punto terceiro do certificado do Interventor, de data 22/12/2025, incorporado ao expediente indícase, ademais, que de acordo cos datos que obran na contabilidade municipal, as cantidades recadadas durante o exercicio 2024, en concepto de recargo provincial sobre o I.A.E., correspondente aos exercicios anteriores e pendentes de ingreso na Deputación son as que se presentan de seguido e se detallan por exercicios:

| | |
|---|---|
| Recargo provincial 2023 | 6.028,49 € |
| Recargo provincial 2022 | 1.906,72 € |
| Recargo provincial 2021 | 2.018,34 € |
| Recargo provincial 2022 | 2.119,84 € |
| Recargo provincial de anos anteriores | 109,12 € |
| Total | 12.182,51 € |

Advertiuse que na proposta dirixida á Xunta de Goberno Local existe un erro material por omisión que se arrastra posteriormente no acordo e no resto do expediente, consistente na non inclusión do importe de 12.182,51 € citado no punto terceiro do certificado de Intervención, a pesar de constar no propio expediente. Trátase dunha equivocación na redacción da proposta, sendo un erro patente e claro, apreciable cos datos do expediente, sen necesidade de interpretación normativa e sen alterar o sentido substancial do acordo adoptado.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/12/2025, relativo ao pagamento non orzamentario a favor da Deputación Provincial de Pontevedra polo recargo provincial sobre o I.A.E., de maneira que:
Onde di:
"aprobar o pago non orzamentario a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 116.566,08 € polas cantidades recadadas durante o exercicio 2024 en concepto de recargo provincial sobre o I.A.E., con cargo a R.O.E. aplicación 4/00/100."
Debe dicir:
"aprobar o pago non orzamentario a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe total de 128.748,59 €, correspondente a:

- 116.566,08 € polas cantidades recadadas durante o exercicio 2024 en concepto de recargo provincial sobre o I.A.E., e
- 12.182,51 € polas cantidades recadadas durante o exercicio 2024, en concepto de recargo provincial sobre o I.A.E., correspondente aos exercicios anteriores e pendentes de ingreso na Deputación

con cargo a R.O.E. aplicación 4/00/100."
Segundo.- Esta corrección quedará reflectida e terá efectos na contabilidade do exercicio 2025, de acordo co previsto no artigo 39 da Lei de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**PRP2026/0199**
Visto o expediente de gasto INT/2025/21 integrado pola relación de xustificantes F/2025/278 por importe de 3.755,13€.
Visto que as facturas da relación F/2025/278 tiñan o gasto debidamente comprometido no ano 2025.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acoarda:
PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga, para a relación de facturas Nº F/2025/278 por importe de 3.755,13€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Economica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2025/9217 | 08/2025 | 29/12/2025 | 600,00 | 4311 | 22610 | G94093598 | CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA | DINAMIZACIÓN DAS RÚAS COMERCIAIS NO NADAL O 27/12/2025. |
| F/ 2025/9224 | REP-25 012 | 30/12/2025 | 252,89 | 334 | 22602 | B94040524 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | DICIEMBRE-Reparto de material publicitario de actividadess de caracter cultural. |
| F/ 2025/9226 | FRARS25 1925 | 30/12/2025 | 242,24 | 132 | 22699 | B15902497 | RICARSAT, S.L. | CUOTA (DICIEMBRE 2025) DE SERVICIO COMUNICACIONES EQUIPOS ICOM DE POLICIA LOCAL PRP2025/0597 DIR3 L01360600 ( PRP2025/05 |
| F/ 2025/9227 | 02 19 | 29/12/2025 | 605,00 | 3321 | 22609 | F72962020 | MAGIA EN LA MAGA S. COOP. GALEGA | Espectaculo "NO NADAL TOCA... MAXIA!" 23 de decembro na Biblioteca Municipal Vilagarcia |
| F/ 2025/9233 | Emit-0032025 | 30/12/2025 | 965,00 | 4311 | 22610 | G36050862 | ASOCIACION CULTURAL FENTOS E FROUMA | ACTUACION ( DEPARTAMENTO PROMOCION ECONOMICA: DINAMIZACION DA RUA NADAL 2025. CONCERTO DE NADAL E REIS CON PREVIO PASARR |
| F/ 2025/9244 | 43/25 | 04/10/2025 | 495,00 | 334 | 22703 | 35447398M | SANCHEZ SOLLA, JAVIER | ACTUACIÓN MUSICAL FESTA DA TORRE 2025. |
| | | TOTAL | 3.755,13 | | | | | |

**PRP2026/0200**
Visto o expediente de gasto INT/2025/23 integrado pola relación de xustificantes F/2025/280 por importe de 7.307,49€.
Visto que as facturas da relación F/2025/280 teñen o gasto debidamente comprometido.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:
PRIMEIRO: O recoñecemento de Obriga, para a relación de facturas Nº F/2025/280 por importe de 7.307,49€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Economica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2025/8464 | Emit- 1505 | 01/12/2025 | 494,06 | 920 | 22604 | B27735539 | BALTAR ABOGADOS Y ASESORES TRIBUTARIOS SLP | SERVICIOS ASESORAMIENTO DICIEMBRE DE 2025: CONTRATACIÓN NÚMERO PRP2025/2721 Forma de pago: transferencia Banco Sabadell |
| | | | 494,10 | 931 | 22604 | | | |
| | | | 494,09 | 150 | 22604 | | | |
| F/ 2025/9207 | Emit- 250530 | 29/12/2025 | 544,50 | 164 | 204 | B36450336 | ALVEGAL, S.L. | 3629MRB TOWNSTAR , AQLUILER VEHICULO PARA SERVICIOS FUNERARIOS , MANTEMENTO CEMITERIOS |
| F/ 2025/9225 | VIL-25 012 | 30/12/2025 | 436,96 | 171 | 22799 | B94040524 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | DICIEMBRE.-Limpieza, mantenimiento y conservacion de espacios naturales y zonas verdes del entorno del concello. |
| | | | 436,96 | 231 | 22799 | | | |
| F/ 2025/9237 | C1 C125004500 | 31/12/2025 | 4.406,82 | 132 | 204 | B27014398 | AUTOS IGLESIAS, S.L. | ALQUILER ( FORD KUGA ST-LINE X 2.5DURATEC FHEV 190 CV AUT. - 0585-MKM ) / ALQUILER ( FORD KUGA ST-LINE X 2.5DURATEC FHEV |
| | | TOTAL | 7.307,49 | | | | | |

**PRP2026/0198**
Visto o expediente de gasto INT/2026/38 integrado pola relación de xustificantes F/2026/4 por importe de 535.234,27€.
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:
PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/4 por importe de 535.234,27€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/19 | 1003864V2600002 | 02/01/2026 | 168.559,61 | 1621 | 22700 | A79524054 | URBASER, S.A. | Expediente: 'CT 23/2021-e 'Contenerizacion, Recogida y transporte de residuos, gestion del punto limpio y limpieza viari |
| F/ 2026/20 | 1003864V2600001 | 02/01/2026 | 230.086,03 | 163 | 22700 | A79524054 | URBASER, S.A. | Expediente: 'CT 23/2021-e 'Contenerizacion, Recogida y transporte de residuos, gestion del punto limpio y limpieza viari |
| F/ 2026/91 | 2026 2 | 05/01/2026 | 1.754,50 | 2314 | 22610 | B70010665 | SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACION, S.L. | CELEBRACIÓN FESTA FIN DE ANO Persoal en posesión do curso de manipulador de alimentos / Custe de persoal 13 persoas |
| F/ 2026/96 | Emit- 5 | 05/01/2026 | 494,06 | 920 | 22604 | B27735539 | BALTAR ABOGADOS Y ASESORES TRIBUTARIOS SLP | SERVICIOS ASESORAMIENTO ENERO DE 2026: CONTRATACIÓN NÚMERO PRP2025/2721 Forma de pago: transferencia Banco Sabadell ES13 |
| | | | 494,10 | 931 | 22604 | | | |
| | | | 494,09 | 150 | 22604 | | | |
| F/ 2026/98 | 2026 1010003 | 05/01/2026 | 800,00 | 338 | 22199 | B36010775 | CUIÑA, S.L. | 05/01/26 - ALUGUER VEHÍCULO HISTÓRICO PARA CABALGATA DE REIS |
| F/ 2026/102 | BF 4305 | 07/01/2026 | 592,90 | 2314 | 22610 | B27756402 | BARAFUNDA, S.L. | Area de Xuventude. PRP2025/4970. Partida 2314 22610. Celebración da FESTA DA TOMA DAS UVAS: Equipo animación solta de a |
| F/ 2026/121 | Emit- 202604 | 08/01/2026 | 2.500,00 | 4311 | 22706 | 78734451T | QUINTEIRO ROA, NELSON | Coordinación das diferentes actividades, control e supervisión dos servizos prestados polas empresas |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | encargadas da escen |
| F/ 2026/138 | 2026 3 | 07/01/2026 | 1.089,00 | 4311 | 22610 | B80823891 | SOL PRODUCCIONES, S.L. | CONTRATACION DEL ESPECTACULO MUSICAL ""EL GRAN RA"" A REALIZAR EN LA PEIXERIA VELLA EL DIA 5 DE ENERO DE 2026 A LAS 13.00h |
| F/ 2026/146 | 26 005 | 02/01/2026 | 10.995,19 | 2314 | 22610 | B94119104 | GLOBAL SETUP, S.L. | XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: EXP: PRP2025/4970, FESTA DA TOMA DAS UVAS, PARTIDA: 2314 22610 / Sonido cobertura |
| F/ 2026/152 | CON25 4 | 31/12/2025 | 1.210,00 | 4311 | 22610 | B01988567 | CAYLU DELIVERY SL | Custe do servizo de reparto diario a domicilio (de Luns a Sábado ambos incluidos) utilizando para o devandito servizo, o |
| F/ 2026/167 | 26 6 | 07/01/2026 | 2.500,00 | 334 | 22799 | B94119104 | GLOBAL SETUP, S.L. | XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA: PRP2025/4601, PARTIDA 34.22799 / ESTRUTURA TEMPORAL NA PRAZA RAVELLA PARA A FESTA |
| F/ 2026/168 | 26 06 | 07/01/2026 | 3.247,50 | 2314 | 22610 | B94119104 | GLOBAL SETUP, S.L. | XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA, PRP2025/4601; PARTIDA 2314.22610 / ESTRUTURA TEMPORAL NA PRAZA RAVELLA PARA A REC |
| F/ 2026/177 | 5700227019 | 31/12/2025 | 93.119,12 | 231 | 22725 | B85621159 | SERVEO SOCIAL SL | Prestacion de HORAS DE SAD DEPENDENCIA VILAGARCIA DE AROUSA. DICIEMBRE 2025. HORAS LABORABLES: / HORAS FESTIVAS: |
| F/ 2026/178 | 1 2026 | 09/01/2026 | 3.025,00 | 2314 | 22610 | B70374327 | CONDETRESPÉS SL | PRESENTACION PRE UVAS 2025-2026 |
| F/ 2026/179 | 01/2026 01/2026 | 10/01/2026 | 1.320,00 | 4311 | 22610 | X9827265D | PASQUALE MARINO | Contratación del espectáculo Bergamotto Show a realizar en la peixeria vella el viernes 2 de enero de 2026 a las 19.00h |
| F/ 2026/192 | V 1.05 | 31/12/2025 | 344,85 | 221 | 16201 | B36299675 | DISBEPO, S.L. | SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / Administracion General / Carmen Cores |
| F/ 2026/211 | V-FAC-VN+ 2026-VN/FV00000543 | 14/01/2026 | 5.693,05 | 920 | 22706 | A58417346 | ARANZADI LA LEY SAU | Albarán: -#CR#BOL-81529551#CR#SUSCRIPCIÓN PERIODO 01/01/26 A 31/12/26#CR#CLW17 - Complylaw Canal Ético#CR# / Venta No su |
| F/ 2026/228 | 5700227020 | 31/12/2025 | 6.915,27 | 231 | 22725 | B85621159 | SERVEO SOCIAL SL | Prestacion de HORAS DE SAD LC VILAGARCIA DE AROUSA. DICIEMBRE 2025. HORAS LABORABLES: |
| | | TOTAL: | 535.234,27 | | | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.